

10 principios básicos da negociación da retribución da *Dedicación Exclusiva á Sanidade Pública*

- 1.- A dedicación exclusiva é **boa para o sistema sanitario público** e debe ser mantida e potenciada.
- 2.- **Ata 1991** o COMPLEMENTO ESPECÍFICO agrupaba, ademais da dedicación exclusiva, outros conceptos tales como a penosidade, a especial dificultade técnica ou a especial responsabilidade.
- 3.- En **acordos da Mesa Sectorial** se instauraron **novos conceptos retributivos** denominados de “penosidade, responsabilidade y dificultade”, (PRD), en 1991, que retribúe tales circunstancias, e “complemento de produtividade fixa” en 2003, destinado a remunerar a mellora e modernización dos servizos sanitarios públicos de Galiza.
- 4.- Así, o COMPLEMENTO ESPECÍFICO converteuse nun **complemento que retribúe unicamente a dedicación exclusiva**, xa que o resto de conceptos (penosidade, responsabilidade, dificultade...) se agruparon nos novos complementos, (PRD e produtividade fixa).
- 5.- A modificación do actual sistema de retribución da dedicación exclusiva, debe facerse dun xeito **negociado e pactado na Mesa Sectorial**.
- 6.- O marco da negociación desta modificación debe ser o da negociación da **equiparación do COMPLEMENTO ESPECIFICO** co persoal da Xunta de Galiza e **da suba ao NIVEL 26** do persoal facultativo.
- 7.- A nova forma de retribuír a dedicación exclusiva que se estableza, deberá **retribuír**, aos profesionais que opten por ela, **o seu compromiso de só traballar na sanidade pública**.
- 8.- A negociación da modificación do actual réxime de retribución da dedicación exclusiva, en ningún caso poderá supoñer unha **redución das actuais retribucións directamente ligadas á dedicación exclusiva**.
- 9.- Calquera incremento retributivo que, nesa negociación, acaden os profesionais que non teñan dedicación exclusiva debe ir acompañada dun **incremento retributivo cando menos similar** para os profesionais que opten pola dedicación exclusiva.
- 10.- A esixencia da dedicación exclusiva debe ser un **requisito para acceder a postos de xefatura e coordinación** nos servizos sanitarios públicos.

A dedicación exclusiva dos seus profesionais é boa para o sistema sanitario público, e debe ser mantida e potenciada.

